

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

12-13 de outubro do 2024

XXVIII ORDINARIO B



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Seguro que nos soan frases coma estas ou parecidas: “os cartos axudan pero non dan a felicidade”, “as persoas mídense polo que son e non polo que teñen”, “podes ter a carteira chea pero o corazón baleiro”. E, polo que hoxe imos escoitar na Palabra de Deus, seguro que tamén se dicían nos tempos de Xesús.

Váisenos convidar a que non nos atemos ás cousas e si ás persoas, váisenos convidar a compartir porque “que difícil lle vai ser entrar no Reino de Deus aos que adican a súa vida só a ter”. Mellor compartir que competir, mellor compartir que acaparar.

E seguimos tendo un recordo especial para as familias e os pobos que están a pasar momentos difíciles por culpa da violencia escandalosa que se vive en Líbano, Israel e sobre todo Palestina.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Invoquemos a misericordia de Deus polas veces que facemos da nosa vida desexo de ter e ser máis que os demais. Queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Queremos pedir perdón polas veces que somos egoístas, e comprometémonos a compartir.

SEÑOR, DÁNOS TI UNHA MAN

➤ Queremos pedir perdón polas veces que somos soberbios, e comprometémonos a estar á beira dos demais atendendo as súas necesidades.

CRISTO, DÁNOS TI UNHA MAN

➤ Queremos pedir perdón polas veces que nos pode a envexa, e comprometémonos a aprezar aos demais polo que son e non polo que teñen.

SEÑOR, DÁNOS TI UNHA MAN

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, confiamos que o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración dándolle grazas a Deus polas persoas que nos dan exemplo de solidariedade.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, que o teu amor tome a iniciativa na nosa vida e nos acompañe sempre, que nos faga solícitos e constantes na práctica do ben coma Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Moitas veces temos escoitado falar de que os cartos e as cousas, aínda que axudan, non dan a felicidade. Escoitemos a Palabra de Deus que nos di que as mellores riquezas da vida son a prudencia, a sabedoría e o sobre todo o compartir.*

Leccionario I B páx 256 Sab 7, 7-11 LECTURA

LECTURA DO LIBRO DA SABEDORÍA

*Roguei e foime dada a prudencia,
supliquei e veu a min o espírito da Sabedoría.
Preferina a cetros e tronos,
en comparanza a ela, coidei ser nada a riqueza;
non se lle asemella a alfaia de máis prezo,
pois todo o ouro, ao seu lado, é unha manchea de area,
e xunto a ela a prata é coma a lama.*

Ameina por riba da saúde e da beleza,
escollín posuíla en troques da luz,
pois o seu raiolar non ten solpor.

Con ela viñéronme xuntos todos os bens,
polas súas mans, riquezas incontables.

Palabra do Señor

♪ 50 Na tardiña baixa da vida **SALMO**

(en pé) *Leccionario I B* páx 257 Mc 10, 17-27 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, no preciso momento en que Xesús se puña en camiño, chegou un a correr, que se axeonllou diante del e que lle preguntou:

- Mestre bo, que teño que facer para acadar a vida eterna?

Xesús contestoulle:

- E por que me chamas bo? Ninguén e bo, fóra de Deus. Xa sabes os mandamentos: Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non deas falso testemuño, non defraudes, honra a teu pai e maila túa nai.

El respondeu:

- Mestre, todas esas cousas gardeinas desde a miña mocidade.

Entón Xesús pousou nel a súa ollada chea de cariño e engadiu:

- Aínda che falta unha cousa: vai, vende todo o que tes, e repárteo entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme.

Ante estas palabras mudóuselle o rostro e marchou moi apesarado, pois tiña moitos bens.

Xesús mirando todo arredor, díxolles aos discípulos:

- ¡Que difícil lles vai ser aos ricos entrar no Reino de Deus!

E os discípulos ficaron moi sorprendidos por estas palabras. Pero Xesús volveu a insistir:

- Fillos, ¡que difícil é entrar no Reino de Deus! É máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, do que para un rico entrar no Reino de Deus.

Eles, aínda moi asombrados, comentaban entre si:

- Entón, quen se vai poder salvar?

Xesús, mirando para eles fixamente, dixo:

- Si, para os homes é imposible, pero non para Deus; pois todo é posible para Deus.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Aquel rapaz quere ter parte con Xesús, pero quere facelo con todo o que ten. Non está disposto a renunciar a nada.

Xesús proponse que non se ate ás cousas, que non peche o seu corazón no ter, ter e máis ter.

Xesús pídelle que abra os ollos da súa vida no camiño de compartir. É o seu xeito, porque seguilo a El é estar na disposición da solidariedade.

Nós, a cantas cousas nos atamos?, ás veces, mesmo queremos presumir da solidariedade do que nos sobra, pero seguimos con unha vida demasiado agarrada ás cousas e ao afán por ter. Quizais neste día nos pregunta Xesús: Ti que compartes?.

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *No evanxeo de hoxe Xesús convídanos a seguir o seu xeito de vida, quere de nós unha resposta sincera e clara polo compartir, polo desprenderse, polo non atarse aos cartos e ás cousas e así loitar por un mundo mellor. Proclamemos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

*Credes en Deus, Pai e Nai,
que nos ama de verdade
e que nos creou á súa semellanza para amar?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes en Xesús,
irmán de todos e todas,
que demostrou que compartir con quen non ten
é camiño que enriquece o corazón?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes no Espírito Santo,
que alenta no corazón da humanidade
cando somos desprendidos e compartimos?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes na igrexa da caridade
que quere deixar atrás os privilexios da riqueza
e medrar amosando preocupación
polos máis pobres e necesitados da humanidade?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Acudimos a Xesús: El non lle vira as costas a ningún e acolle a toda persoa disposta a vivir no compromiso, no desprenderse, e digamos:*

APRÉNDENOS A COMPARTIR, SEÑOR

Monitor/a:

- ✓ Lembramos ás persoas que na vida teñen a valentía de compartir cos pobres, famentos e enfermos, oremos.
- ✓ Lembramos ás persoas pobres de espírito que cren que a riqueza da vida é so ter cartos e cousas, oremos
- ✓ Lembramos que estes días estamos empezando a catequese porque necesitamos medrar nos valores do compartir evanxeo, oremos
- ✓ Lembramos as familias de O Líbano, Israel e sobre todo Palestina que sofren a perda e a destrución de bens imprescindibles para vivir con dignidade e se ven coas mans baleiras, oremos
- ✓ Lembramos a responsabilidade que todos temos de coidar e compartir unha natureza rural e viva, sen os abusos dos muíños eólicos, oremos

Celebrante: *Señor Xesús, confiamos en que non nos deixas da túa man, pois queremos ser testemuñas de que compartir é camiño que leva a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Acudimos ao Pai de todos, na procura do pan da vida, pedíndolle que nolo dea hoxe para compartilo con quen non ten:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *A loita pola solidariedade e a igualdade é o camiño para chegar á paz. Neste momento no que compartimos o amor de Deus alentando o noso corazón, desexamos que os máis esquecidos pola sociedade poidan percibir tamén esa paz na súa vida. E dende logo que a perciben cando as nosas mans son solidarias. Sementemos paz coa nosa vida e fagámonos cribles.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos tiveron que ir pouco a pouco descubrindo que valía a pena a solidariedade coa que Xesús se achegaba aos necesitados. Nós sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús, compartindo e non competindo, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 48** *O pouco que Deus nos dá*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Ti enfortécesnos co xeito de vivir Xesús na tolerancia, na xustiza e na irmandade.

Suplicámosche humildemente que nos fagas participar da súa chamada a seguilo no compartir solidario. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Xesús móstranos que todos podemos ser testemuñas de compromiso, xustiza e paz.

Que saibamos acoller aquilo que o mesmo Xesús nos mostra no evanxeo de hoxe: “Vai, comparte o que tes, e logo ven e sígueme” e comprometámonos a facelo.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

Para contar a xeito de ensinanza

A historia do pescador

Un home rico e industrial sorprendeuse ao mirar un pescador tranquilamente deitado á beira da súa barca contemplando o mar, despois de ter vendido o peixe.

Preguntou entón o rico industrial:

- Porqué non saíches a pescar?

Porque xa pesquei dabondo por hoxe.

- E porqué non pescas máis do que precisas?

E que ía gañar con iso?

- Gañarías máis diñeiro e poderías por un motor novo e máis potente na túa barca. E poderías ir a augas máis fondas e pescar máis peixes. Gañarías o suficiente para comprar unhas redes máis grandes, coas que sacarías máis peixes e máis cartos. Entón serías rico e poderoso como o son eu.

E que faría entón?

- Poderías sentarte e disfrutar da vida.

E que cres que estou facendo neste preciso momento?

Exemplo do que Xesús nos ensina no evanxeo de hoxe.

Podémonos ir en paz. Amén